

Hoteles desde **55€** en eDreams  Precio final, todo incluido. 

www.eDreams.es Comentarios: anuncios Google

Galicia-Hoxe.com

El Correo Gallego.es Radio Obradoiro Correo tv **tierras** **anova**

buscar  buscar

[Portada](#) | [Portada en PDF](#) | [Hemeroteca](#) |  [RSS](#)

Luns 15.09.2008 | Actualizado 03.36

CANLES

[Canle Vivenda](#) | [Cultura](#) | [Deputación da Coruña](#) | [Medio Ambiente](#) | [Medio Rural](#) | [Noticario Dixital](#) | [Turismo](#) | [Vicepresidencia](#)

BLOGS

[A viñeta de M. B. Rei](#) | [A viñeta de H.M.](#) | [Éche o que hai. Por López](#) | [Vai de Blog](#)



Vigo

Hoxe	Mañá
 min 14 máx 24	 min 15 máx 24

Vivir Hoxe Sociedade



REVOLUCIÓN

Dereitos humanos xa!

Con este lema arrinca hoxe en Madrid a II Marcha pola visibilidade da diversidade funcional .. "Discapacitado non pode ser a única referencia dunha persoa", di Antón Novoa, voz galega do Foro de vida independente

M. T. . SANTIAGO

"A diversidade funcional condiciona, pero ser discapacitado non pode ser toda referencia dunha persoa na vida". Son as palabras de Antón Novoa, presidente da "filial" galega do Foro Europeo de Vida Independente, VGalicia.



Antón Novoa, presidente de VGalicia, rama galega do Foro de Vida Independente durante a I Marcha o ano pasado en Madrid

VGalicia participa hoxe en Madrid na "II Marcha pola visibilidade da diversidade funcional", na que reclamarán o dereito das persoas con diversidade funcional a "poder determinar como vivir a súa vida". A marcha, que se iniciará ás 18:00 horas, percorrerá as rúas da capital desde a Praza de Jacinto Benavente ata as proximidades da glorieta de Atocha.

Pero o lema concreto deste ano é o incisivo: "Dereitos humanos xa!" que lucirán as camisolas e carteis dos miles de persoas de todas partes do estado -entre os que se atopa unha moi nutrida representación galega-. E por que esta consigna? "Pois porque se trata dunha aposta pola vida, pola dignidade, e unha determinación inmutábel en loitar por dereitos humanos e pola independencia. Faise con este lema un chamamento para que se cumpra a lei e para nós neste momento a lei é a convención de nación unidas, cuxa sinatura esixe que se antepoña a toda normativa. Non é unha simple cuestión social, senón que os que teñen que construír edificios, os que fan transportes... todos os departamentos de todos os gobernos teñan que tela en conta". E é que, en virtude doutra convención internacional anterior, a de Viena do ano 1969 -artigo vinte e sete- o dereito interno dos Estados non supera o acordado internacionalmente.

A primeira Declaración dos Dereitos Humanos do século XXI, a Convención Internacional sobre o dereitos das persoas con discapacidade de Nacións Unidas entrou o pasado tres de maio en vigor no Estado español grazas ao acordo de ratificación de vinte países -o número necesario para ser efectiva-.

A convención é un instrumento vinculante para os gobernos, quen deberán introducir cambios nas súas lexislacións. "Unha revisión do sistema lexislativo español que deixe de considerar a diversidade funcional unha enfermidade e pase a vela como una cuestión de dereitos humanos e, polo tanto, unha cuestión social", puntualiza o portavoz estatal do Foro de Vida Independente, Javier Romañach, un histórico do activismo pola diversidade designado por Nacións Unidas como experto do referenciado Estado español. Do mesmo xeito, deberán mellorar a calidade de vida destes cidadáns para que poidan ter acceso a sistemas de saúde adecuados, á información e á mobilidade exenta de obstáculos físicos e sociais. "Para iso teranse que modificar a Lei de dependencia e as leis de servizos sociais, tanto española como galega e dos concellos para a plena igualdade das persoas con diversidade funcional".

O termo diversidade funcional naceu dunha reflexión do Foro de Vida Independente, un movemento cidadán que loitan contra a discriminación e a igualdade e por "pór en positivo o fenómeno social da discapacidade", explica. "As persoas poden ter funcionamentos dos seus corpos ou das súas mentes diferentes", indica, e con este termo pretendemos referirnos a ese "funcionamento diverso, fuxindo do estigma e das nomenclaturas negativas". A diversidade funcional aínda se trata como "un problema médico que se pode rehabilitar" e pervive "o paternalismo de persoas que nos din como habemos de vivir".

Canal Compras



Filtro Estrella de 4
Accesorios para fotografía digital.
PVP: 31,49 €



Router / wireless 876
Todas las marcas y modelos.
PVP: 479,03 €



Revitalizante Dia
Para estar más guapa que nunca.
PVP: 22,00 €

Más Productos



